

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

13276 *Real decreto lei 16/2017, do 17 de novembro, polo que se establecen disposicións de seguridade na investigación e explotación de hidrocarburos no medio mariño.*

I

A produción de hidrocarburos no medio mariño ten un papel relevante na subministración enerxética internacional; asemade, as perspectivas tecnolóxicas permiten explotar xacementos en condicións cada vez máis adversas e remotas. Por outra parte, os accidentes e incidentes acontecidos no pasado confirman a necesidade de seguir mellorando as prácticas e de reducir os riscos asociados a esta actividade. Neste sentido, tomando como referencia as mellores prácticas existentes en cada momento, as operacións relacionadas coa perforación de sondaxes de investigación e coa explotación de hidrocarburos no medio mariño teñen un perfil de risco que debe ser xestionado adecuadamente de forma que os riscos de accidentes graves se reduzan ata o nivel máis baixo razoablemente posible. Só desta forma se conseguirá manter a confianza dos cidadáns e, subseguintemente, preservar a seguridade de abastecemento. Con esta finalidade aprobouse a Directiva 2013/30/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de xuño de 2013, sobre a seguridade das operacións relativas ao petróleo e ao gas en mar aberto, e que modifica a Directiva 2005/35/CE.

A directiva establece unha serie de medidas para reducir a frecuencia dos ditos accidentes e, en caso de que sucedan, limitar as súas consecuencias establecendo unhas condicións de seguridade mínimas para a exploración e explotación de hidrocarburos no medio mariño. Por unha parte, refórzanse as exixencias aos operadores e titulares de permisos de investigación e concesións de explotación no que se refire ás súas exixencias de capacidade técnica, capacidade económica e protocolos de funcionamento baseados na xestión sistemática do risco. En particular, adquire unha especial relevancia o informe de riscos graves, que se concibe como un documento dinámico que garantirá a redución do risco a un nivel aceptable tomando como referencia as mellores técnicas dispoñibles en cada momento, así como os ditames dun verificador independente que supervisará o proxecto ao longo do seu ciclo de vida. Non obstante, no caso de que suceda un accidente, os medios e procedementos necesarios estarán preparados para o seu despregamento inmediato, dado que se exige a asunción das responsabilidades civís e ambientais que procedan.

A directiva utiliza termos que deben ser adaptados a aqueles que veñen sendo utilizados amplamente no ordenamento interno. De especial relevancia é o termo de exploración que, de conformidade coa Directiva 94/22/CE, outorga un dereito exclusivo para efectuar prospeccións ou exploracións ou producir hidrocarburos nunha zona xeográfica concreta. Dado que a figura da autorización de exploración no noso ordenamento xurídico non outorga un dereito exclusivo nin habilita o titular para a perforación de sondaxes, emprégase no seu lugar o termo investigación e precísase que as disposicións deste real decreto lei serán de aplicación a permisos de investigación e concesións de explotación de hidrocarburos no medio mariño.

Tamén contén disposicións destinadas á figura da Autoridade Competente para a Seguridade das Operacións Mariñas en materia de hidrocarburos (en diante, ACSOM), que deberá adaptar o seu deseño organizativo, tanto para garantir a súa obxectividade e independencia na avaliación dos proxectos da súa competencia como para reforzar a súa capacidade técnica, de modo que sexa posible unha correcta validación destes sobre a base dunha análise previa rigorosa dos riscos e da inspección sistemática.

Por medio deste real decreto lei lévase a cabo unha batería de modificacións sectoriais con rango legal que permitan un enfoque coordinado.

II

A realización de traballos de investigación e produción de hidrocarburos require un procedemento de control administrativo de dobre volta. En primeiro lugar, requírese a titularidade dun permiso de investigación ou dunha concesión de explotación de hidrocarburos e, posteriormente, unha autorización administrativa específica en que se valoren as circunstancias concretas que concorren nel con implicacións para a seguridade das persoas, os bens e o ambiente.

A Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, céntrase na primeira fase de concesión administrativa de carácter puramente demanial mentres que este real decreto lei ten por obxecto principal o control técnico dos proxectos mariños. Neste sentido, a directiva require que non haxa conflitos de interese entre os órganos competentes para realizar tales funcións.

Así, a ACSOM asumirá, polo menos, as funcións que a directiva lle encomenda e, en todo caso, actuará de acordo cos principios de transparencia e independencia fronte a decisións alleas á seguridade dos proxectos que avalíe e inspeccione. Para estes efectos, facúltase non só para requirir melloras senón tamén para suspender as operacións naqueles casos en que os resultados dos seus controis non sexan satisfactorios. Finalmente, habilitase para ser informada sobre as circunstancias concretas de accidentes graves fóra do ámbito das augas da Unión en que estean involucradas compañías españolas.

Por outro lado, introdúcense os conceptos de operador no medio mariño, denominado operador na directiva, e propietarios de instalacións non destinadas á produción, que deberán desenvolver as súas actividades sobre a base dunha política corporativa que sitúe a seguridade das persoas, os bens e o ambiente, como premisa básica e previa a calquera outra.

Así mesmo, consolídase a figura do verificador independente como o auditor de carácter técnico que supervisa o deseño do proxecto e sinala as modificacións oportunas cando non se garante a consideración de todos os riscos do proxecto.

III

Como se indicou, a directiva ten un marcado carácter horizontal cuxas medidas afectan tamén o procedemento para o outorgamento de permisos de investigación e concesións de explotación de hidrocarburos. No capítulo II do real decreto lei recóllense as disposicións relativas ao outorgamento de permisos de investigación e concesións de explotación. Destaca, en particular, a posibilidade de que, en caso necesario, a ACSOM sexa consultada tanto en relación co outorgamento do título demanial como á hora de realizar a valoración da capacidade dos solicitantes para cumpriren as obrigas derivadas deste real decreto lei, en particular, a súa capacidade técnica e financeira para asumiren as responsabilidades que puidesen derivar da execución das súas operacións no medio mariño e costeiro sensible desde o punto de vista ecolóxico.

Así mesmo, e sen prexuízo do establecido na Lei 34/1998, do 7 de outubro, defínese o concepto de operador no medio mariño para os efectos da aplicación deste real decreto lei, a cuxo nomeamento se poderá opoñer o órgano competente para a tramitación das solicitudes de permisos de investigación e concesións de explotación, logo de consulta a ACSOM.

Por outra parte, especifícanse as obrigas dos titulares de permisos de investigación e concesións de explotación no medio mariño, que deben tomar todas as medidas que estean razoablemente ao seu alcance para asegurar que o operador no medio mariño cumpre os requisitos, desempeña as súas funcións e cumpre as súas obrigas en virtude do disposto no real decreto lei. Así, cando o operador no medio mariño xa non teña a capacidade de cumprir os requisitos exixidos, o titular deberá asumir a responsabilidade da realización das obrigas de que se trate.

Destá forma, a responsabilidade primaria en materia de seguridade asígnase ao operador no medio mariño ou, se é o caso, ao propietario, aos cales lles corresponde

adoptar as medidas oportunas en cada momento, chegando a suspender os traballos cando as circunstancias o aconsellen, sen necesidade de que unha autoridade externa teña que chegar a intervir. Esta política deberá ser común para todas as súas operacións mundiais, e minimizar así calquera posibilidade de risco moral asociado a aquelas rexións con menos capacidade de supervisar tales operacións.

Así mesmo, especifícase que as operacións relativas a instalacións destinadas e non destinadas á produción non comezarán ou non se poderán continuar sen a aceptación do informe de riscos graves por parte da ACSOM. Esta aceptación non supoñerá, en ningún caso, o traspaso da responsabilidade á ACSOM.

Por outra parte, establécense disposicións específicas en relación cos plans internos de emerxencia e cos plans externos de emerxencia asociados ás operacións no medio mariño relacionadas co petróleo e o gas.

Así mesmo, adécuese o réxime sancionador ao disposto na directiva e introdúcese novos tipos específicos de infraccións derivados do incumprimento do previsto neste real decreto lei.

IV

En prol da proporcionalidade e da eficiencia, a disposición adicional primeira do real decreto lei, relativa á Autoridade Competente, ACSOM, desenvolve a excepción establecida no artigo 8.3 da directiva para aqueles Estados membros cun baixo nivel de operacións relativas ao petróleo e ao gas en mar aberto. Determínase que non será necesaria a constitución dun órgano específico que asuma as funcións da ACSOM, en canto se estea no suposto de excepción da directiva, e as súas funcións serán asumidas, enumeradas tanto na Directiva como no artigo 10 deste real decreto lei, polo Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital e polo resto de ministerios con competencias en materia de ambiente, mariña mercante, seguridade industrial, traballo, seguridade social e prevención de riscos laborais, segundo corresponda. Neste sentido, prevese a habilitación dos mecanismos necesarios para evitar posibles conflitos de interese no exercicio das súas funcións. Por outro lado, establécese nesta adicional que, no suposto de que o número de instalacións normalmente atendidas sexa igual ou superior a seis, se constituirá a ACSOM en materia de hidrocarburos.

Por outra parte, a disposición adicional segunda prevé a aplicación das obrigas da lei, no que proceda por razón das funcións encomendadas, aos que exerzan, en virtude dunha disposición legal, a administración de instalacións que estivesen asociadas a elas.

O real decreto lei continúa cunha disposición transitoria que establece que os titulares e operadores de concesións de explotación, de almacenamentos subterráneos e de permisos de investigación, así como os proxectos asociados a estes e as instalacións actuais, deberán cumprir co disposto neste real decreto lei nun prazo de seis meses desde a súa data de entrada en vigor.

V

A transposición en prazo de directivas comunitarias sempre constituíu un dos obxectivos prioritarios establecidos polo Consello Europeo. O cumprimento deste obxectivo resulta hoxe aínda máis prioritario tendo en conta o novo escenario deseñado polo Tratado de Lisboa polo que se modifican o Tratado da Unión Europea e o Tratado constitutivo da Comunidade Europea, para os incumprimentos de transposición en prazo, para os que a Comisión Europea pode pedir ao Tribunal de Xustiza da Unión Europea a imposición de importantes sancións económicas de maneira acelerada (artigo 260.3 do Tratado de funcionamento da Unión Europea (TFUE)).

España acumula nestes momentos un atraso na transposición da Directiva 2013/30/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de xuño de 2013, sobre seguridade das operacións relativas ao petróleo e ao gas en mar aberto, e que modifica a Directiva 2004/35/CE (a Directiva, en diante), que debería ter sido trasposta ao ordenamento interno antes do 19 de xullo de 2015. A súa incorporación ao ordenamento xurídico interno require,

polo menos, unha norma con rango de lei, cuxa demora implica un risco de multa con base no establecido no artigo 260.3 do TFUE.

Ante a gravidade das consecuencias de seguir acumulando atraso na incorporación ao ordenamento xurídico español da citada directiva, resulta necesario acudir á aprobación dun real decreto lei para traspola, o que permitirá pechar os procedementos de infracción abertos e, con iso, evitar a imposición de sancións económicas a España.

Por todo o expresado anteriormente, concorren desta forma as circunstancias de extraordinaria e urxente necesidade, que constitúen o presuposto habilitante exixido ao Goberno polo artigo 86.1 da Constitución española para ditar decretos leis, de acordo coa xurisprudencia do Tribunal Constitucional: unha situación de necesidade fundamentada nun suposto de feito concreto, neste caso a présa para traspoñer a norma comunitaria ao ordenamento xurídico interno e evitar as consecuencias sancionadoras dos procedementos de infracción en curso; a urxencia das medidas que se deben aplicar respecto a esta situación de necesidade, que non se pode atender acudindo ao procedemento lexislativo de urxencia, e a existencia dunha conexión entre a situación de urxencia definida e as medidas concretas adoptadas para afrontala.

Na súa virtude, facendo uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución española, por proposta do ministro de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 17 de novembro de 2017,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

1. Este real decreto lei ten por obxecto establecer os requisitos mínimos que deben reunir as operacións relacionadas coa investigación e explotación de hidrocarburos no medio mariño, para previr accidentes graves e limitar as súas consecuencias.

2. Mediante este real decreto lei artículanse os principios de actuación para lograr que as citadas operacións no medio mariño se leven a cabo sobre a base dunha xestión de riscos sistemática de maneira que os riscos residuais de accidentes graves poidan ser considerados aceptables.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación e definicións.*

1. As disposicións deste real decreto lei serán de aplicación, exclusivamente no medio mariño, aos permisos de investigación de hidrocarburos e ás concesións de explotación, sexan estas de xacementos de hidrocarburos ou de almacenamento subterráneo para estes, así como ás operacións asociadas a aqueles.

As ditas operacións no medio mariño incluírán todas as actividades relativas á investigación e produción de petróleo ou gas asociadas a unha instalación ou a unha infraestrutura conectada, incluídos o deseño, a planificación, a construción, a explotación, o desmantelamento e o abandono definitivo desta, excluído o transporte de petróleo e gas de costa a costa.

2. Para os efectos deste real decreto lei, entenderase por:

a) Instalación, unha estrutura estacionaria, fixa ou móbil, ou unha combinación de estruturas permanentemente interconectadas por pontes ou outras estruturas, utilizadas para operacións relacionadas coa investigación e explotación de hidrocarburos, no medio mariño ou en conexión con estas operacións; isto incluírá as unidades móbiles de perforación no medio mariño soamente cando estean estacionadas en augas situadas no medio mariño para os efectos de perforación, produción ou outras actividades asociadas con operacións no medio mariño.

b) Infraestrutura conectada dentro da zona de seguridade ou dentro dunha zona próxima a maior distancia da instalación:

- 1.º todo pozo e estruturas asociadas, unidades e dispositivos complementarios conectados á instalación no medio mariño;
- 2.º todo equipamento ou obras situadas sobre ou fixadas á estrutura principal da instalación;
- 3.º un oleoduto, gasoduto ou equipamento pegado á instalación.

c) O medio mariño comprenderá as augas interiores, o mar territorial, a zona económica exclusiva e a plataforma continental, incluídos o leito e o seu subsolo, sobre os que o Reino de España exerce soberanía, dereitos soberanos ou xurisdición conforme os tratados internacionais e a lexislación vixente.

3. No suposto de que os permisos de investigación ou as concesións de explotación conteñan, xuntamente, áreas situadas no medio terrestre e áreas situadas no medio mariño, este real decreto lei seralles de aplicación unicamente en caso de que se prevexa a execución de operacións asociadas a estes que se desenvolvan no medio mariño.

4. No non particularmente previsto neste real decreto lei e na súa normativa de desenvolvemento e execución observarase o disposto na lexislación de hidrocarburos, na lexislación ambiental, na lexislación de seguridade industrial, na lexislación de traballo, seguridade social e prevención de riscos laborais e na lexislación sobre seguridade e salvamento da vida humana no mar e de loita contra a contaminación marítima.

CAPÍTULO II

Disposicións relativas a permisos de investigación e concesións de explotación de hidrocarburos no medio mariño

Artigo 3. Requisitos de seguridade e ambiente para o outorgamento ou a transmisión de permisos de investigación e concesións de explotación no medio mariño.

1. Previamente ao outorgamento ou á transmisión, total ou parcial, de permisos de investigación ou concesións de explotación de hidrocarburos, terase en conta a capacidade dos solicitantes para cumprir os requisitos aplicables ás operacións no medio mariño previstas no marco do título demanial correspondente, de conformidade co previsto neste real decreto lei e na restante normativa que resulte de aplicación.

2. Durante a avaliación da capacidade técnica e financeira do solicitante dun permiso de investigación ou dunha concesión de explotación valoraranse os seguintes aspectos:

- a) o risco, os perigos e calquera outra información útil asociada á zona obxecto do outorgamento en cuestión, inclusive, cando proceda, o custo económico, social e ambiental que supón a deterioración do medio mariño;
- b) a fase precisa das operacións no medio mariño;
- c) as capacidades financeiras do solicitante, en particular, a súa garantía financeira para asumir as responsabilidades que poidan derivar das operacións relacionadas coa investigación e explotación de hidrocarburos no medio mariño e
- d) a información de que se dispoña relativa ao comportamento previo do solicitante polo que respecta á seguridade e ao ambiente, mesmo en relación con accidentes graves, na medida en que resulte adecuado ás operacións para as que se solicitase o título demanial.

A Autoridade Competente para a Seguridade nas Operacións Mariñas en materia de hidrocarburos (en diante, ACSOM) poderá, se é o caso, ser consultada antes do outorgamento ou a transmisión dun permiso de investigación ou dunha concesión de explotación no medio mariño.

3. Adicionalmente ao xa establecido na Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, o solicitante deberá acreditar que se constituíu, ou se constituirá, unha garantía suficiente para cubrir as responsabilidades ambientais que poderían derivar da execución das súas operacións, que incluírá tanto as medidas de prevención coma as de reparación.

Para estes efectos, teranse en conta os criterios establecidos na Lei 26/2007, do 23 de outubro, de responsabilidade ambiental, e a súa normativa de desenvolvemento. Estas garantías serán válidas e efectivas desde o comezo das operacións no medio mariño.

Neste sentido, exixírase aos solicitantes dun permiso de investigación ou dunha concesión de explotación no medio mariño que acrediten a súa capacidade técnica e financeira e que presenten toda a información útil asociada á zona prevista polo título demanial e a fase precisa das operacións.

Ao avaliar as capacidades técnicas e financeiras do solicitante, considerarase especialmente o ambiente mariño e costeiro sensible desde o punto de vista ecolóxico, en particular, aqueles ecosistemas que desempeñen un papel importante na mitigación e adaptación ao cambio climático e as zonas mariñas protexidas.

4. O solicitante deberá propoñer un operador no medio mariño como parte dos requisitos para o outorgamento do título demanial. Para os efectos deste real decreto lei, entenderase por operador no medio mariño a persoa física ou xurídica ou agrupación desas persoas designada polos titulares para levar a cabo operacións, incluídos a planificación e execución dunha operación nun pozo ou a xestión e o control das funcións dunha instalación de produción.

Durante a tramitación do outorgamento ou da transmisión do título demanial, logo de consulta á ACSOM e nos termos que se definan regulamentariamente, poderase obxectar o nomeamento efectuado polo titular. En caso de formularse a dita oposición, o titular deberá nomear un operador no medio mariño suplente adecuado ou ben deberá facerse cargo das responsabilidades do dito operador, en virtude do disposto neste real decreto lei e na súa normativa de desenvolvemento.

Artigo 4. Obrigas dos titulares de permisos de investigación e concesións de explotación de hidrocarburos no medio mariño.

1. As instalacións destinadas á produción e infraestruturas conectadas que existan en permisos de investigación e concesións de explotación serán operadas unicamente polos operadores no medio mariño designados para tal fin, conforme o disposto no artigo 3.4.

2. Os titulares deberán demostrar e garantir que o operador no medio mariño ten a capacidade necesaria para cumprir os requisitos das operacións concretas no marco do título demanial correspondente.

3. Ao longo de todas as fases das operacións, os titulares tomarán todas as medidas que estean razoablemente ao seu alcance para asegurar que o operador no medio mariño cumpre os requisitos, desempeña as súas funcións e cumpre as súas obrigas en virtude do disposto neste real decreto lei e na súa normativa de desenvolvemento e execución.

Así mesmo, os titulares deberán cumprir con todas aquelas medidas que lles fosen exixidas pola ACSOM para garantir en todo momento a seguridade das operacións no medio mariño.

4. Cando se considere que o operador no medio mariño inicialmente designado xa non ten a capacidade de cumprir os requisitos exixidos neste real decreto lei e na súa normativa de desenvolvemento, o titular deberá asumir a responsabilidade da realización das obrigas de que se trate e propoñer inmediatamente un operador no medio mariño substituto.

5. O Ministerio de Fomento, de acordo coa normativa vixente en materia de navegación marítima, establecerá unha zona de seguridade da navegación cun raio de 500 metros desde calquera punto do bordo exterior das instalacións, ben que se poderá reducir ou estender máis aló cando se axuste ás normas internacionais que, se é o caso, resulten aplicables.

A Administración marítima, de acordo coa normativa vixente en materia de navegación marítima, restrinxirá ou prohibirá a navegación na zona de seguridade establecida por

razóns de seguridade e protección marítima, salvo aos buques e embarcacións que entren ou permanezan na zona de seguridade por algún dos seguintes motivos:

- a) en relación coa instalación, inspección, ensaio, reparación, mantemento, alteración, renovación ou retirada de calquera cable ou conduto submarinos na dita zona de seguridade ou na súa proximidade;
- b) para a prestación de servizos ou o transporte de persoas ou bens con destino a, ou en procedencia de, calquera instalación na dita zona de seguridade;
- c) para inspeccionar, baixo a autoridade da ACSOM, calquera infraestrutura conectada na dita zona de seguridade;
- d) co fin de salvar vidas ou bens;
- e) por circunstancias meteorolóxicas adversas;
- f) en situación de perigo ou por causa de forza maior, ou
- g) co consentimento do operador no medio mariño, do propietario ou do propio Ministerio de Fomento.

CAPÍTULO III

Principios da xestión de riscos relativos ás operacións relacionadas coa investigación e explotación de hidrocarburos no medio mariño

Artigo 5. Obrigas dos operadores no medio mariño e dos propietarios de instalacións non destinadas á produción.

1. Os operadores no medio mariño de permisos de investigación e de concesións de explotación a que se refire este real decreto lei:

- a) Velarán por que se adopten todas as medidas adecuadas para previr os accidentes graves relativos ás operacións relacionadas coa investigación e explotación de hidrocarburos no medio mariño e, se é o caso, as que a ACSOM determine.
- b) Responderán das súas obrigas en virtude deste real decreto lei e de calquera outra normativa que lles resulte de aplicación mesmo cando as accións ou omisións que dean lugar ou contribúan a accidentes graves sexan imputables aos contratistas.
- c) En caso de producirse un accidente grave, adoptarán todas as medidas adecuadas para limitar as súas consecuencias para a saúde humana e o ambiente.
- d) Garantirán que as operacións relacionadas coa investigación e explotación de hidrocarburos no medio mariño se leven a cabo sobre a base dunha xestión de riscos sistemática de maneira que os riscos residuais de accidentes graves que afecten as persoas, o ambiente e as instalacións no medio mariño sexan considerados aceptables.
- e) Calquera outra obriga que se determine regulamentariamente.

2. No caso de que unha instalación de produción existente vaia entrar ou saír de augas do medio mariño, o operador no medio mariño comunicarllo á ACSOM por escrito antes da data prevista de entrada ou de saída desta, sen prexuízo doutras autorizacións que correspondan a outras autoridades, en especial a da Autoridade Marítima.

3. Para os efectos deste real decreto lei e da súa normativa de desenvolvemento e execución, entenderase por propietario a persoa física ou xurídica ou a agrupación desas persoas habilitada para controlar a operación dunha instalación non destinada á produción de petróleo e gas.

4. Cando unha actividade realizada por un operador no medio mariño ou por un propietario presente un risco inmediato para a saúde humana ou aumente significativamente o risco de accidente grave, estes deberán adoptar as medidas adecuadas e mesmo suspender a actividade correspondente, ata que o perigo ou o risco sexan suficientemente controlados. As ditas medidas deberán ser comunicadas polo operador no medio mariño ou polo propietario, se é o caso, á ACSOM, coa maior brevidade posible.

5. Os operadores no medio mariño e os propietarios proporcionarán á ACSOM e ás persoas que actúen baixo a súa supervisión os medios lóxicos necesarios para

desenvolver as súas funcións de investigación, inspección e calquera outra que lle encomende a normativa vixente.

6. Os operadores no medio mariño e propietarios deberán elaborar unha política corporativa de prevención de accidentes graves e aplicala en todas as súas operacións no medio mariño, incluíndo mecanismos de seguimento apropiados co fin de garantir a súa eficacia, e que deberá comprender tanto as instalacións de produción coma as súas instalacións non destinadas á produción fóra da Unión Europea.

Artigo 6. *Requisitos de remisión de información.*

O operador no medio mariño ou, se é o caso, o propietario deberá presentar á ACSOM, nos termos e prazos que se determinen, os seguintes documentos:

- a) a política corporativa de prevención de accidentes graves ou unha descrición adecuada desta;
- b) o sistema de xestión da seguridade e do ambiente ou unha descrición adecuada destes;
- c) no caso dunha instalación destinada á produción prevista, unha comunicación do deseño;
- d) unha descrición do programa de verificación independente;
- e) un informe sobre riscos de accidentes graves;
- f) no caso dun cambio material, incluído o desmantelamento dunha instalación, un informe modificado dos riscos de accidentes graves;
- g) o plan interno de emerxencia ou unha descrición adecuada deste;
- h) no caso dunha operación relativa a un pozo, comunicación e información sobre operacións relacionadas co dito pozo;
- i) no caso dunha operación combinada, unha comunicación das operacións combinadas que será preparada en común polos operadores no medio mariño e polos propietarios que participen nela;
- j) no caso dunha instalación existente destinada á produción que haxa que trasladar a unha nova localización de produción, unha comunicación de relocalización;
- k) calquera outro documento pertinente que solicite a ACSOM.

Artigo 7. *Informe sobre riscos de accidentes graves.*

1. Os operadores no medio mariño ou os propietarios, segundo proceda, elaborarán, para cada unha das súas instalacións, un informe sobre riscos de accidentes graves. Durante a preparación do dito informe serán consultados os representantes dos traballadores.

2. Os informes de riscos de accidentes graves das instalacións deberán ser aceptados pola ACSOM de conformidade co disposto neste real decreto lei e na súa normativa de desenvolvemento.

Para estes efectos, entenderase como aceptación, en relación co informe sobre riscos graves, a comunicación por escrito da ACSOM ao operador no medio mariño ou, se é o caso, ao propietario, de que o dito informe cumpre os requisitos establecidos neste real decreto lei e aqueles que se determinen regulamentariamente. Esta aceptación non supoñerá en ningún suposto o traspaso da responsabilidade á ACSOM.

3. En ningún caso se poderán iniciar ou continuar operacións relativas ás instalacións destinadas e non destinadas á produción, levar a cabo modificacións nelas ou proceder ao seu desmantelamento mentres a ACSOM non acepte o correspondente informe de riscos graves ou a modificación deste, segundo proceda.

Adicionalmente ao anterior, no caso particular de operacións nos pozos ou de operacións combinadas, non deberán comezar nin continuar sen que se presentase unha comunicación das operacións á ACSOM nin tampouco se esta formulou obxeccións en canto ao seu contido.

4. O informe de riscos de accidentes graves para unha instalación destinada á produción poderá ser común para un grupo de instalacións se a ACSOM o autoriza previamente.

5. Os informes de riscos de accidentes graves actualizaranse cando proceda ou cando o requira a ACSOM e, en calquera caso, revisaranse cada cinco anos ou no prazo que se estableza regulamentariamente. Os resultados desta actualización ou revisión comunicaranse á ACSOM.

En caso de que se vaian realizar cambios que dean lugar a unha modificación substancial, ou se está previsto dismantelar unha instalación, elaborárase un informe modificado sobre os riscos de accidentes graves.

Por modificación substancial entenderase, no caso dos informes sobre os riscos graves, unha modificación da base sobre a cal se aceptou o informe orixinal, incluídos, entre outras cousas, as modificacións físicas, a dispoñibilidade de coñecemento ou tecnoloxía novos e os cambios na xestión operativa.

6. Os operadores no medio mariño e os propietarios deberán cumprir as medidas establecidas no informe sobre os riscos de accidentes graves e na documentación que integre a comunicación de operacións.

Artigo 8. *Plan interno de emerxencia.*

1. Os operadores no medio mariño ou, se é o caso, os propietarios elaborarán plans internos de emerxencia que terán en conta o informe sobre os riscos de accidentes graves e formarán parte deste. Os ditos plans incluírán unha análise da eficacia da resposta ante derramamentos de hidrocarburos e serán coherentes co plan de emerxencia externo a que fai referencia o artigo 13, e coordinaranse cos plans de continxencia a que fai referencia a normativa en materia de resposta ante a contaminación marítima.

Para os efectos deste real decreto lei, entenderase por plan interno de emerxencia un documento, preparado polos operadores no medio mariño ou, se é o caso, polos propietarios, de conformidade cos requisitos deste real decreto lei e a súa normativa de desenvolvemento, que reflectirá as medidas dirixidas a previr o agravamento ou a limitar as consecuencias dun accidente grave relativo ás actividades relacionadas coa investigación e explotación de hidrocarburos no medio mariño.

2. Os plans internos de emerxencia poñeranse en práctica sen dilación ningunha para responder ante calquera accidente grave ou situación con risco inmediato de accidente grave.

3. O operador no medio mariño e o propietario garantirán, en todo momento, o acceso aos equipamentos e aos coñecementos pertinentes para o plan interno de emerxencia, e compartiranos coas autoridades responsables para a execución do plan externo de emerxencia, logo de requirimento destas.

4. O plan interno de emerxencia actualizarase:

a) a raíz de calquera modificación substancial do informe sobre os riscos de accidentes graves e

b) no caso de que unha instalación móbil non destinada á produción vaia realizar operacións nun pozo ou operacións combinadas, ou se modificasen as características da sondaxe ou da súa localización, co fin de ter en conta a avaliación de riscos realizada durante a preparación da comunicación das operacións de pozo ou operacións combinadas.

Estas actualizacións comunicaranse á ACSOM para completar a correspondente comunicación das operacións combinadas e ás autoridades responsables da elaboración dos plans externos de emerxencia para a zona considerada.

5. O plan interno de emerxencia deberá ser coherente con calquera outra medida relativa á protección e ao salvamento do persoal da instalación afectada, atendendo especialmente ao servizo público de salvamento regulado na normativa de mariña mercante.

Artigo 9. *Verificación independente.*

1. Para os efectos deste real decreto lei entenderase por verificación independente a avaliación e a confirmación da validez dunha declaración escrita dada por unha entidade

ou parte organizativa do operador no medio mariño ou do propietario que non estea controlada nin baixo a influencia da entidade ou parte organizativa que utilice as declaracións.

Non obstante, regulamentariamente determinaranse os supostos en que o verificador independente teña que ser externo á propia parte organizativa do operador no medio mariño ou propietario.

2. Os operadores no medio mariño e propietarios establecerán programas de verificación independente, conforme os requisitos que regulamentariamente se establezan, coa finalidade de:

a) no que respecta ás instalacións, garantir, de maneira independente, que os elementos críticos para a seguridade e o ambiente identificados na avaliación dos riscos para a instalación e descritos no informe sobre os riscos de accidentes graves son adecuados, e que o calendario de exame e de proba dos referidos elementos é adecuado, está actualizado e se executa segundo as previsións;

b) no que respecta ás comunicacións das operacións nun pozo, garantir, de maneira independente, que as medidas de deseño e de control do pozo son adecuadas en todo momento respecto das condicións de perforación previstas.

3. Os operadores no medio mariño e propietarios deberán:

a) Responder ao ditame do verificador independente e tomar as medidas oportunas a partir deste.

b) Conservar a dita documentación durante un período de seis meses ou no prazo que se determine regulamentariamente, desde a terminación das operacións relacionadas coa investigación e explotación de hidrocarburos no medio mariño ás cales estean vinculadas.

c) Poñer á disposición da ACSOM o ditame recibido do verificador independente, así como as accións levadas a cabo en resposta ao dito ditame.

4. Os resultados da verificación independente entenderanse sen prexuízo da responsabilidade do operador no medio mariño ou do propietario en relación co funcionamento correcto e seguro dos equipamentos e os sistemas suxeitos a verificación.

CAPÍTULO IV

Autoridade Competente

Artigo 10. *Funcións da Autoridade Competente para a Seguridade das Operacións Mariñas en materia de hidrocarburos.*

1. A Autoridade Competente para a Seguridade das Operacións Mariñas en materia de hidrocarburos (en diante, ACSOM) será responsable das seguintes funcións:

a) aceptar, se é o caso, os informes sobre os riscos de accidentes graves, avaliar as comunicacións de deseño e avaliar as comunicacións de operacións nos pozos ou de operacións combinadas, e calquera outro documento desta natureza que se lle presente;

b) supervisar o cumprimento por parte dos operadores no medio mariño e dos propietarios do disposto neste real decreto lei, incluídas as inspeccións, as investigacións e a instrución de expedientes sancionadores;

c) asesorar outras autoridades ou organismos;

d) elaborar plans anuais;

e) elaborar informes, así como publicar ou notificar información nos termos que se determinen regulamentariamente;

f) cooperar coa Comisión Permanente de Investigación de Accidentes e Incidentes Marítimos para a investigación das causas técnicas dos accidentes e incidentes marítimos, na investigación de calquera accidente grave que aconteza no medio mariño.

g) cooperar coas autoridades competentes doutros Estados membros, coa Comisión Europea, co Grupo de autoridades da Unión Europea para as actividades en mar aberto do sector do petróleo e o gas (EUOAG), e cos puntos de contacto;

h) aquelas outras que, regulamentariamente, se lle encomenden, sempre que iso non supoña menoscabo do disposto no número 2 do presente artigo.

2. No exercicio das súas funcións, a ACSOM actuará baixo os principios de obxectividade, transparencia, coherencia, proporcionalidade e independencia.

3. Para o desenvolvemento destas funcións, a ACSOM está facultada para requirir dos operadores no medio mariño e dos propietarios a información adicional que considere oportuna, así como para requiririlles as modificacións necesarias para garantir a conformidade dos documentos cos requisitos establecidos nos artigos 5 e 6 deste real decreto lei e a súa normativa de desenvolvemento e execución.

4. En ningún caso, os actos administrativos ditados pola ACSOM no exercicio das súas funcións supoñerán unha transferencia de responsabilidade do operador no medio mariño ou do propietario á Administración, e sempre lles corresponderá a estes a responsabilidade primaria na protección das persoas, os bens e o ambiente, sen que esta se poida trasladar aos contratistas.

Artigo 11. *Funcionamento da ACSOM.*

1. Garantiranse en todo momento a independencia e a obxectividade da ACSOM no desempeño das súas funcións regulatorias e, particularmente, respecto do disposto no artigo 10.1, alíneas a), b) e c).

Para este fin, evítanse conflitos de interese entre, por unha parte, as funcións da ACSOM e, por outra, as funcións relativas ao desenvolvemento económico dos recursos naturais no medio mariño, o outorgamento e a transmisión dos respectivos títulos demaniais, así como o cobramento e a administración dos ingresos asociados.

2. Para garantir que a ACSOM dispón dos medios necesarios para o correcto desempeño das súas funcións, poderanse subscribir acordos formais con axencias ou outros organismos, públicos ou privados, nacionais ou estranxeiros, para a provisión de coñecementos técnicos obxectivos especializados. En todo caso, garantirase que a obxectividade destes organismos non se poida ver comprometida por posibles conflitos de interese.

3. Mediante real decreto estableceranse a composición e as disposicións necesarias para o adecuado funcionamento da ACSOM. Para estes efectos, observaranse, se é o caso, as disposicións sobre órganos colexiados previstas na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Artigo 12. *Facultades da ACSOM.*

1. A ACSOM poderá exixir melloras e, en caso necesario, prohibir que continúe o funcionamento de toda instalación ou parte desta ou de calquera infraestrutura conectada, se os resultados dunha inspección, dunha revisión periódica do informe sobre os riscos de accidentes graves ou das modificacións das comunicacións presentadas mostran que os requisitos e obrigas establecidos neste real decreto lei e na súa normativa de desenvolvemento e execución non se cumpriron, ou que a seguridade das instalacións ou das operacións relacionadas coa investigación e explotación de hidrocarburos no medio mariño suscitan inquietudes razoables.

2. Por solicitude da ACSOM, as empresas rexistradas en España que realicen, directamente ou a través das súas filiais, operacións relacionadas coa investigación e a explotación de hidrocarburos no medio mariño fóra da Unión Europea, en calidade de titulares ou operadores, deberán informar das circunstancias dun accidente grave en que estivesen involucradas.

3. A ACSOM establecerá mecanismos para a denuncia confidencial de problemas que afecten a seguridade e o ambiente en relación con operacións de petróleo ou de gas

no medio mariño, calquera que sexa a súa orixe, e investigará estas comunicacións conservando o anonimato das persoas en cuestión.

Para tal efecto, os operadores no medio mariño e os propietarios deberán comunicar aos seus empregados e aos contratistas relacionados coa operación, así como aos empregados destes, a información detallada relativa ás disposicións que se adopten para realizar as denuncias a que fai referencia o punto anterior. Ademais, asegúranse de que a denuncia confidencial se mencione nas formacións e comunicacións que lles estean dirixidas.

CAPÍTULO V

Plan externo de emerxencia

Artigo 13. *Plan externo de emerxencia.*

1. A Administración xeral do Estado elaborará un plan externo de emerxencia que abranguerá o conxunto de todas as instalacións de investigación e explotación de hidrocarburos no medio mariño, así como as infraestruturas conectadas e as áreas potencialmente afectadas. Neste especificarase o labor e as obrigas financeiras dos titulares e dos operadores no medio mariño.

2. O plan externo de emerxencia será elaborado polo Ministerio de Fomento en cooperación cos operadores no medio mariño e os propietarios e, se é o caso, os titulares, a ACSOM e logo do informe do resto de órganos con competencias na materia, e terá en conta a versión máis recente dos plans internos de emerxencia das instalacións ou infraestruturas conectadas existentes ou planificadas na zona. Así mesmo, realizarase coa participación, se é o caso, das comunidades autónomas susceptibles de verse afectadas polo dito plan.

3. O plan externo de emerxencia específico para instalacións de investigación e explotación de hidrocarburos deberase integrar nos plans nacionais vixentes relativos ao salvamento da vida humana no mar e á loita contra a contaminación do medio mariño.

4. O plan externo de emerxencia elaborárase de acordo cos requisitos que se establezan regulamentariamente e poñeráse á disposición da Comisión Europea, dos Estados membros, de terceiros países potencialmente afectados de acordo co principio de reciprocidade e do público. Non obstante, consideraranse confidenciais aqueles elementos cuxa difusión poida supoñer, entre outros:

- a) unha ameaza en materia de seguridade e protección das instalacións e do seu funcionamento;
- b) un menoscabo aos intereses económicos nacionais;
- c) un menoscabo da seguridade persoal e o benestar do persoal involucrado.

Artigo 14. *Preparación ante situacións de emerxencia.*

1. Os operadores no medio mariño e os propietarios someterán periodicamente a proba o seu grao de preparación para responderen de forma eficaz en caso de accidente grave.

2. Organizaranse periodicamente e participarán en exercicios e simulacións de situacións de emerxencia en coordinación cos órganos competentes en materia de loita contra a contaminación mariña, así como con aqueles outros departamentos e axencias con competencias susceptibles de verse afectadas, incluíndo as doutros Estados membros, as da Unión Europea e, sobre unha base de reciprocidade, as de terceiros países.

3. Manterase un rexistro dos equipos e servizos de resposta de emerxencia que estará á disposición dos outros Estados membros potencialmente afectados e da Comisión Europea e, sobre unha base de reciprocidade, dos terceiros países veciños.

Artigo 15. *Resposta ante emerxencias.*

1. Os operadores no medio mariño ou, se procede, os propietarios comunicarán coa maior brevidade posible ás autoridades pertinentes, as cales serán identificadas no plan

externo de emerxencia, calquera accidente grave ou calquera situación que comporte un risco inmediato de accidente grave. Nesta comunicación describiranse as circunstancias do accidente grave ou da dita situación, incluída a súa situación e os seus posibles impactos no ambiente, así como as súas principais consecuencias potenciais.

2. Os operadores no medio mariño e os propietarios adoptarán todas as medidas convenientes para previr o agravamento ou limitar as consecuencias de calquera accidente grave.

3. Durante unha resposta de emerxencia, a ACSOM e as autoridades competentes en materia de loita contra a contaminación mariña recollerán toda a información necesaria para levar a cabo unha investigación dos feitos.

Para estes efectos, a ACSOM poderá exixir aos operadores no medio mariño medidas adicionais para favorecer a recompilación de todos os datos pertinentes e a súa conservación, e impedir unha posible manipulación destes.

Artigo 16. *Preparación e resposta ante situacións de emerxencia transfronteirizas.*

1. Cando un risco de accidente grave poida ter efectos importantes no ambiente de calquera Estado membro ou, sobre unha base de reciprocidade, dun terceiro país, transmitirase ao dito Estado, a través de sistema comunitario de intercambio de información marítima, antes de que se realice a operación, a información pertinente para que poida propoñer as medidas que considere necesarias. Os riscos desta clase de accidentes graves teranse en conta nos plans internos e externos de emerxencia co fin de facilitar unha resposta conxunta eficaz en caso de accidente grave.

2. En caso de accidente grave ou de ameaza inminente de accidente grave que comporte ou poida comportar repercusións transfronteirizas, comunicárase á Comisión Europea e aos Estados membros ou aos terceiros países que se puidesen ver afectados polo accidente grave ou a ameaza inminente e facilitarán a información pertinente para unha resposta de emerxencia conxunta eficaz.

3. Así mesmo, á hora de levar a cabo unha colaboración internacional deberase ter en conta o establecido na normativa marítima de aplicación, así como os mecanismos dispoñibles para o intercambio de información entre os diferentes países.

CAPÍTULO VI

Infraccións e sancións

Artigo 17. *Infraccións.*

1. Constitúen infraccións administrativas as accións e omisións que se tipifican como tales nos artigos seguintes.

2. As infraccións administrativas tipificadas neste real decreto lei entenderanse sen prexuízo das responsabilidades civís, penais ou doutra orde en que poidan incurrir suxeitos obrigados en relación coas actividades a que se refiren.

3. No caso de que o cumprimento dunha obriga corresponda a varios suxeitos conxuntamente, responderán de forma solidaria das infraccións que, se é o caso, se cometan e das sancións que se impoñan.

4. Non se poderán sancionar os feitos que fosen sancionados penal ou administrativamente, nos casos en que se aprecie identidade do suxeito, feito e fundamento.

Artigo 18. *Infraccións moi graves.*

Son infraccións moi graves as seguintes:

a) Non comunicar ou ocultar calquera circunstancia que implique a perda sobrevida da capacidade técnica ou financeira para cumprir os requisitos aplicables ás operacións no medio mariño.

- b) Non designar, por parte dos titulares, un operador no medio mariño suplente adecuado ou non se facer cargo das responsabilidades do operador no medio mariño cando estea obrigado a iso.
- c) Non adoptar as medidas suficientes para garantir en todo momento a seguridade das operacións, cando se poñan en perigo manifesto as persoas, os bens ou o ambiente.
- d) Operar unha instalación destinada á produción ou unha infraestrutura conectada sen ser designado como operador no medio mariño para tal fin.
- e) Non garantir, por parte dos titulares, que o operador no medio mariño designado mantén en todo momento a capacidade necesaria para desenvolver as operacións concretas en virtude do título demanial correspondente.
- f) Iniciar ou continuar a operación dunha instalación destinada ou non destinada á produción, levar a cabo modificacións nesta ou proceder ao seu desmantelamento sen a aceptación do informe sobre riscos de accidentes graves por parte da ACSOM.
- g) Levar a cabo ou continuar operacións nos pozos ou operacións combinadas sen a aceptación, por parte da ACSOM, do informe sobre riscos de accidentes graves das instalacións implicadas.
- h) O incumprimento por parte do operador no medio mariño ou do propietario do seu deber de revisión periódica do informe sobre riscos graves naqueles casos en que se vaian realizar cambios que dean lugar a unha modificación substancial, ou se está previsto desmantelar unha instalación, cando iso poña en perigo manifesto as persoas, os bens ou o ambiente.
- i) Levar a cabo operacións nos pozos ou operacións combinadas sen que se presentase á ACSOM unha comunicación da operación no pozo ou da operación combinada ou cando a dita autoridade formulase obxeccións en canto ao seu contido.
- j) Non adoptar, en caso de ocorrencia dun accidente grave, as medidas para limitar as súas consecuencias para a saúde humana ou para o ambiente que sexan necesarias conforme o informe sobre riscos de accidentes graves ou o plan interno de emerxencia.
- k) A implantación dun programa de verificación independente ou calquera modificación posterior que dea como resultado unha falta de correspondencia deste respecto da descrición remitida á ACSOM, cando iso supoña un risco grave para as persoas, os bens ou o ambiente.
- l) Non atender os ditames do verificador independente cando con iso se poñan en perigo manifesto as persoas, os bens ou o ambiente.
- m) O incumprimento das ordes da ACSOM en relación coa mellora, suspensión ou prohibición da operación nunha instalación ou infraestrutura conectada.
- n) Non adoptar en prazo as medidas preventivas ou de evitación exixidas pola ACSOM, cando iso teña como resultado o dano que se pretendía evitar.
- o) A interferencia inxustificada cos medios loxísticos de subministración dunha instalación cando se poñan en risco as persoas, os bens e o ambiente.
- p) Falsear a información subministrada á Administración, cando a información real implique o incumprimento dalgún dos requisitos necesarios para obter a autorización ou aceptación previa da ACSOM, ou cando a comunicación desta supoña causa de suspensión ou prohibición da operación por parte da citada autoridade.
- q) Non adoptar as medidas previstas na documentación a que fai referencia o artigo 7 ou non suspender a actividade, cando esta presente un risco inmediato para a saúde humana ou aumente significativamente o risco de accidente grave.
- r) A omisión ou a demora inxustificada, na comunicación de calquera accidente grave ou de calquera situación que comporte un risco inmediato de accidente grave, cando iso teña como consecuencia que os seus efectos se agravarán ou chegarán a producirse efectivamente e sempre que non sexa constitutivo de infracción no ámbito da mariña civil.
- s) En caso de ocorrencia dun accidente grave, non adoptar as medidas previstas no informe sobre riscos de accidentes graves para previr o agravamento ou limitar as consecuencias deste.

t) O incumprimento, por parte do titular, da obriga de constituír as garantías financeiras a que estea obrigado, así como non as manter en vigor durante o tempo en que subsista a dita obriga.

u) O incumprimento das ordes, prohibicións, instrucións ou requirimentos efectuados polos titulares dos órganos competentes en situacións de emerxencia ou dos membros dos servizos de intervención e asistencia, así como dos deberes de colaboración cos servizos de vixilancia e protección, cando supoña unha especial perigosidade ou transcendencia para a seguridade das persoas, os bens ou o ambiente, sempre que este feito non sexa constitutivo de infracción no ámbito da mariña civil.

v) A comisión dunha segunda infracción grave no prazo dun ano.

Artigo 19. *Infraccións graves.*

Son infraccións graves as condutas tipificadas no artigo anterior cando, polas circunstancias concorrentes, non se poidan cualificar de moi graves e, en particular:

a) As condutas tipificadas nas letras c), h), j), k), l), o), q) e u) do artigo anterior cando non se poñan en perigo manifesto as persoas, os bens ou o ambiente.

b) A omisión, resistencia ou obstrución do labor de inspección ou investigación da ACSOM.

c) Non conservar, por parte do operador en medio mariño ou do propietario, os ditames do verificador independente ou as respostas coas accións tomadas sobre a base dos ditos ditames durante un período de 6 meses ou o que se estableza regulamentariamente.

d) A realización de tarefas de verificación independente cando concorran circunstancias que comprometan gravemente a independencia da dita verificación.

e) A aplicación dunha política corporativa en materia de prevención de accidentes graves diferente en función da situación xeográfica das instalacións de produción ou das instalacións non destinadas á produción.

f) Non cumprir coas obrigas de información nos prazos previstos ou falsear a información subministrada á Administración, cando a información real non implique o incumprimento dalgún dos requisitos necesarios para obter a autorización ou aceptación previa da ACSOM, ou cando a comunicación desta non supoña suspensión ou prohibición da operación por parte da citada autoridade.

g) Non realizar, por parte dos propietarios ou dos operadores no medio mariño, os ensaios ou os exercicios de preparación ante emerxencias nos prazos ou nas condicións exixidos, sempre que este feito non sexa constitutivo de infracción no ámbito da mariña civil;

h) A omisión ou o atraso inxustificable na comunicación á ACSOM de calquera accidente grave, ou que comporte un risco inmediato de accidente grave, sen que iso teña como consecuencia o agravamento ou ocorrencia deste.

i) Non axustarse ás instrucións ou non adoptar en prazo as medidas preventivas ou de evitación exixidas pola ACSOM cando non sexa constitutiva de infracción moi grave.

j) Desatender os requirimentos de información da ACSOM cando non sexa constitutivo de infracción moi grave.

k) A comisión dunha segunda infracción leve no prazo dun ano.

Artigo 20. *Infraccións leves.*

Son infraccións leves:

a) Non preparar ou non manter, por parte dos operadores no medio mariño e dos propietarios, un inventario completo dos equipos de resposta a emerxencias relacionado coa súa operación, sempre que este feito non sexa constitutivo de infracción no ámbito da mariña civil.

b) Non informar os empregados ou contratistas, incluídos os empregados destes últimos, sobre os mecanismos establecidos pola ACSOM para a comunicación confidencial de problemas de seguridade.

c) O incumprimento de calquera das obrigas ou requisitos contidos neste real decreto lei cando non estea tipificado como moi grave ou grave.

Artigo 21. *Gradación de sancións.*

Para a determinación das correspondentes sancións teranse en conta as seguintes circunstancias:

a) O perigo resultante da infracción para a vida e a saúde das persoas, a seguridade das cousas e o ambiente.

b) A importancia do dano ou da deterioración causados.

c) O grao de participación e o beneficio obtido.

d) A intencionalidade ou a reiteración na comisión da infracción.

e) A reiteración por comisión no termo dun ano de máis dunha infracción da mesma natureza, cando así fose declarado por resolución firme.

Artigo 22. *Sancións.*

1. As infraccións tipificadas nos artigos anteriores serán sancionadas:

a) As infraccións moi graves, con multa de ata 30.000.000 euros.

b) As infraccións graves, con multa de ata 6.000.000 euros.

c) As infraccións leves, con multa de ata 600.000 euros.

2. Cando, como consecuencia da infracción, se obteña un beneficio cuantificable, a multa poderá alcanzar ata o dobre do beneficio obtido, aínda que se superen os límites máximos do punto anterior.

3. A contía das sancións graduarase atendendo a criterios de proporcionalidade e ás circunstancias especificadas no artigo anterior.

4. A comisión dunha infracción moi grave poderá comportar a extinción dos permisos e concesións a que se refire o título II da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos.

5. A aplicación das sancións previstas neste artigo entenderase sen prexuízo doutras responsabilidades legalmente exixibles.

6. As sancións impostas por infraccións moi graves, unha vez firmes, poderán ser publicadas na forma que se determine regulamentariamente.

Artigo 23. *Multas coercitivas.*

AACSOM, con independencia das sancións que correspondan, poderá impoñer multas coercitivas cando continúe a conduta infractora e no caso de non atender o requirimento de cesamento nesta.

As multas impoñeranse por un importe que non superará o 20 por 100 da multa fixada para a infracción cometida.

Artigo 24. *Procedemento sancionador.*

1. O procedemento para a imposición de sancións, no cal as fases de instrución e resolución estarán debidamente separadas, axustarase aos principios dos artigos 25 a 31 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, sen prexuízo de que, regulamentariamente, se establezan especialidades de procedemento para a imposición de sancións previstas neste real decreto lei.

2. O prazo máximo para resolver e notificar os expedientes sancionadores tramitados conforme o procedemento previsto será dun ano, contado desde a data en que se produza a súa iniciación.

Para estes efectos, o órgano encargado da iniciación e instrución do expediente sancionador será a ACSOM a que fai referencia o capítulo IV.

A dita autoridade deberá remitir o expediente instruído e a proposta de sanción ao órgano competente para a súa resolución cun prazo de antelación mínimo de dous meses antes da finalización do prazo máximo para resolver e notificar os expedientes previstos no parágrafo anterior.

Transcorrido o dito prazo dun ano sen ditarse e notificarse resolución, declararase a caducidade do procedemento e ordenarase o arquivamento das actuacións cos efectos previstos no artigo 95 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

3. Cando a infracción administrativa poida ser constitutiva de delito ou falta penal, iniciado o procedemento sancionador, darase traslado do tanto de culpa ao Ministerio Fiscal e suspenderase a súa tramitación mentres non se dite resolución xudicial firme que poña fin á causa ou sexan devoltas as actuacións polo Ministerio Fiscal. De non se ter apreciado a existencia de delito ou falta penal, o órgano administrativo competente continuará o expediente sancionador con vinculación aos feitos declarados probados na resolución xudicial firme.

Artigo 25. *Competencias para impoñer sancións.*

A competencia para a imposición das sancións correspondentes ás infraccións en materia deste real decreto lei correspóndelle:

- a) Ao Consello de Ministros, pola comisión de infraccións moi graves.
- b) Ao titular do Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital, pola comisión de infraccións graves ou, unha vez que se constituía, á ACSOM.
- c) Ao titular da Secretaría de Estado de Enerxía, pola comisión de infraccións leves ou, unha vez que se constituía, á ACSOM.

Artigo 26. *Prescripción.*

As infraccións moi graves prescribirán aos tres anos da súa comisión, as graves, aos dous anos e as leves, aos 18 meses.

As sancións impostas por infraccións moi graves prescribirán aos tres anos, as impostas por infraccións graves, aos dous anos, e as impostas por infraccións leves, ao ano.

Disposición adicional primeira. *Exercicio das competencias atribuídas á Autoridade Competente para a Seguridade das Operacións Mariñas en materia de hidrocarburos.*

1. En canto non se constituía a Autoridade Competente para a Seguridade das Operacións Mariñas en materia de hidrocarburos (ACSOM) ou o número total de instalacións en mar aberto normalmente atendidas sexa inferior a seis, as funcións atribuídas a esta serán exercidas polo Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital, e polo resto de ministerios con competencias en materia de ambiente, en materia marítima, seguridade industrial, traballo, seguridade social e prevención de riscos laborais, segundo corresponda.

Ao Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital corresponderalle, salvo que o Goberno determine o contrario, a coordinación do exercicio das distintas funcións por parte dos departamentos afectados.

Para estes efectos, habilitaranse os mecanismos adecuados para evitar conflitos de interese entre o exercicio das funcións definidas no capítulo IV deste real decreto lei e as decisións relativas ao outorgamento de permisos de investigación e concesións de explotación no medio mariño, así como calquera outra relativa ao desenvolvemento económico dos recursos naturais en mar aberto.

2. Cando o número de instalacións normalmente atendidas sexa igual ou superior a seis, constituirase a ACSOM no prazo de seis meses desde a confirmación do dito suposto.

O dito órgano será independente de calquera das funcións relativas ao desenvolvemento económico dos recursos naturais en mar aberto, ao outorgamento de permisos de investigación e concesións de explotación no medio mariño, así como da recadación, e á xestión dos ingresos procedentes destas actividades.

Disposición adicional segunda. *Supostos de administración de instalacións.*

As obrigas establecidas no presente real decreto lei para os titulares de concesións de explotación de xacementos e de almacenamentos subterráneos no medio mariño serán de aplicación, no que proceda por razón das funcións encomendadas, aos que exerzan, en virtude dunha disposición legal, a administración de instalacións que estivesen asociadas a elas.

Disposición transitoria única. *Instalacións e proxectos de investigación e explotación en activo.*

Os titulares e os operadores no medio mariño de concesións de explotación de xacementos e de almacenamentos subterráneos, así como os titulares e os operadores no medio mariño de permisos de investigación de hidrocarburos, vixentes na data da entrada en vigor deste real decreto lei, así como os proxectos asociados a estes, cando comprendan áreas do medio mariño, deberanse adaptar ao disposto neste real decreto lei no prazo de seis meses desde a súa entrada en vigor.

Así mesmo, as instalacións existentes no medio mariño deberanse adaptar ás disposicións previstas neste real decreto lei no prazo de seis meses desde a súa entrada en vigor.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou menor rango se opoñan ao disposto neste real decreto lei.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto lei dítase ao abeiro do previsto nas regras 13.^a, 18.^a, 20.^a e 25.^a do artigo 149.1 da Constitución, que atribúen ao Estado competencia exclusiva sobre as seguintes materias: bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, lexislación básica sobre contratos e concesións administrativas, mariña mercante e bases de réxime mineiro e enerxético, respectivamente.

Disposición derradeira segunda. *Incorporación de normas do dereito da Unión Europea.*

Mediante este real decreto lei incorpórase parcialmente ao ordenamento xurídico español a Directiva 2013/30/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de xuño de 2013, sobre a seguridade das operacións relativas ao petróleo e ao gas en mar aberto, e que modifica a Directiva 2004/35/CE.

Disposición derradeira terceira. *Non incremento de gasto.*

As medidas incluídas nesta norma non poderán supoñer incremento de dotacións nin de retribucións nin doutros gastos de persoal.

Disposición derradeira cuarta. *Desenvolvemento e execución.*

1. Autorízase o Goberno para que, no ámbito das súas competencias, dite as disposicións regulamentarias necesarias para o desenvolvemento e execución deste real decreto lei.

2. En particular, no prazo máximo de tres meses desde a validación deste real decreto lei o Goberno, por proposta do ministro de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital, aprobará un real decreto que desenvolva o disposto neste real decreto lei.

Disposición derradeira quinta. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 17 de novembro de 2017.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,
MARIANO RAJOY BREY